

ELPROGRESO

Tareixa Roca: "É unha homenaxe aos meus anos de bacharelato, e unha reivindicación do tempo libre"

A polímata galega presentará a súa primeira obra en narrativa, a novela 'Veráns de misterio', o mércores día 7 ás 20.00 horas na Casa Habanera de Guitiriz

[Inés Poupariña](#) 06/08/2024

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaira/tareixa-roca-homenaxe-aos-meus-anos-bacharelato-reivindicacion-do-tempo-libre/202408061548361777192.html#>

A **escritora** Tareixa Roca, que tamén é **mestra** de lingua galega e **tradutora**, acaba de publicar a súa primeira [novela](#), *Veráns de misterio*. Aínda que publicou varias obras e ensaios, este libro supón o debut na narrativa desta [guitiricense](#) afincada na Coruña.

***Veráns de misterio* é a súa primeira novela. Resultoulle complexo?**

Eu dedícome un pouco a todo. Son moi dispersa e todo me chama. Aínda que ata agora nunca escribira narrativa, realmente todo ten unha continuidade. É certo que non é o mesmo escribir un ensaio que unha novela, pero tampouco me custou moito máis traballo que outras obras.

De onde xurdiu a idea?

Non é unha resposta fácil. Como dicía, doulle a todo, e todo me vale tamén. Esta era unha idea que me levaba moito tempo rondando pola mente, foi madurando pouco a pouco e quería compartila.

Entón esta obra contén algo especial para vostede. De que trata?

É unha homenaxe aos meus anos de bacharelato, e unha reivindicación do tempo libre. Ademais, aproveito tamén para conmemorar á miña terra, Guitiriz. Relato os meus últimos anos de instituto a través de mil aventuras e fago fincapé na importancia do tempo libre para a autonomía dos rapaces, por iso se centra no verán, que era a época na que máis vacacións tiñamos os rapaces.

Tamén comenta que a idea foi madurando pouco a pouco, canto tempo lle levou escribila?

Escribín e reescribín todas as veces que foi necesario para sentirme satisfeita co resultado. Antes da pandemia xa andaba argallando, pero tiveron que interrumpilo para rematar outra obra sobre Carballo Calero. Traballo en moitas cousas á vez, pero para min é un pracer desfrutar do traballo ben feito.

E sempre escribe en galego?

Non sempre, teño algunha tradución que non está en galego, e publiquei algún artigo e literatura infantil en lingua castelá. Pero o galego sempre foi e será a miña lingua, coa que me criei e a que teño un orgullo enorme de falar. A miña patria é a lingua galega e quero defendela e utilizala sempre e cando teña a oportunidade.

Que foi o primeiro que escribiu?

Escribir escribín sempre, porque é algo que me gustou dende ben pequena. Pero as primeiras publicacións fíxenas cando estaba xa na facultade, foron traducións e entradas á enciclopedia galega. Máis tarde empecei a publicar tamén ensaios, e logo xa se foi traballando no resto. O amor pola escritura vénlle case no sangue.

De onde nace?

Penso que ten moito que ver co amor á lectura e coa curiosidade infinita por saber. E para saber tamén hai que ler, unha cousa lévate a outra inevitablemente. Na miña casa vivín de cerca o fomento pola lectura toda a vida, entón para min é algo que vai implícito, non podo evitar querer ler, coñecer e aprender de todo un pouco. Son dúas tarefas que se retroalimentan e complementan á perfección, necesítanse unha á outra.

Ademais, vostede é profesora de Lingua Galega. Como se compaxinan tantas actividades?

Efectivamente, son profesora de Lingua Galega no instituto Salvador de Madariaga da Coruña dende 1983. Por aquela época xa publicara algunha cousiña, pero logo foise intensificando a actividade e había que dedicarlle máis horas. A escritura, igual que a lectura, é algo do que desfruto moito, entón non me resulta complicado compaxinar o traballo con ningunha destas actividades. O máis importante é non velo como unha obriga, senón como unha oportunidade.

Por quen estará acompañada o vindeiro mércores na presentación da súa obra?

No acto van intervir o meu marido, Luis G. Soto, que tamén é escritor e filósofo; Ramón Rivas, que é o concelleiro de Cultura de Guitiriz; e Miguel Anxo Fernán Vello, o director de Edicións Espiral Maior, a editorial coa que publiquei esta novela.